



ANO DA VIDA CONSAGRADA

A profesión dos consellos evanxélicos, ao facer á persoa totalmente libre para a causa do Evanxeo, mostra tamén a transcendencia que ten para a misión. Pódese afirmar que a misión é esencial para cada Instituto tanto os de vida apostólica activa, como os de vida contemplativa.

CONTIDOS

Nomeamentos para delegacións episcopais e parroquias

[Falecemento de Gaspar Callejo](#)

[Conferencia sobre a violencia na relación de parella](#)

[Cadea de oración pola Vida Consagrada en San Lourenzo de Albeiros](#)

[Día dos avós no santuario do Corpiño](#)

[Aberto o prazo para anotarse na Escola de Evanxelización](#)

[Fotos da semana](#)

[Páxina web de interese](#)

[Santa Teresa y el apóstol Santiago](#)

Nomeamentos para delegacións episcopais

- Delegado Episcopal de **Ensinanza e Catequese**: Manuel Areán Fernández
- Delegado Episcopal para o **Clero**: Miguel Asorey Otero
- Delegado Episcopal de **Pastoral da Saúde**: Jorge Vázquez Freire
- Delegado de **Pastoral Vocacional** e Delegado Episcopal para a **Vida Consagrada**: Marcos Torres Gómez

Créase o Secretariado para os Camiños de Santiago, cun director que será:

Francisco Moreiras Calvo

NOMEAMENTOS PARA PARROQUIAS. AGOSTO

Xoán Carlos Rodríguez Paradela: Fonteita, Santiago; Furís, Santo Estevo; Miranda, Santiago; Mirandela, Santo André

Manuel Rodríguez Álvarez: Mera, San Pedro.

Ramón Álvarez Varela: Retorta, San Romao; Retorta, Santa Cruz; Vilamaior de Negral, San Lourenzo.

Jesús Enrique Fernández Fernández: Barreiros, San Cosme; Masoucos, Santiago.

Abel Quiroga Gallego: Monte, Santa María; Recesende, San Cibrao

Alejandro Pin Díaz: Barredo, San Xoán.

NOMEAMENTOS PARA PARROQUIAS. SETEMBRO

José Pérez Barreiro: Manduas, San Tirso

José Katanga: Negreiros, San Martiño.

Manuel Otero Méndez: Esporiz, San Miguel; Bidouredo, Santiago; Fente, San Martiño; Pedraza, Santa María

José Luis Vázquez Coego: Estación-Monforte, Sagrado Corazón; Ribas Altas, San Pedro; Valverde, San Pedro; Parte, Santa María; Chavaga, San Pedro; Reigada, San Salvador; Bascos, San Martiño; Canedo, San Juan; Óutara, Santa María.

Antón Negro Expósito: Pobra do Brollón, San Pedro; Abrence, San Xoán; Castroncelos, Santiago; Castrosante, Santa Mariña; Saa, Santa María

Alberto Riádigos García: Pobra, San Xiao; Escoureda, Santa María; Vilafiz, Santa María; Muro, San Xoán; Ronfe, San Pedro; Maceda, San Pedro; Bande, San Pedro; Paradela, San Fiz

Óscar González Murado: Santa Comba, San Pedro.

Miguel Ángel Fernández Vilariño: Pena, San Xoán

Nomeamentos de consiliarios

- Do Movemento “Cursiños de Cristiandade”: **Eduardo Míguez López**
- Do Movemento Apostólico “Marías dos Sagrarios”: **Luis Varela Castiñeira**
- Do Movemento Apostólico “Apostolado da Oración”: **Luciano Armas Vázquez**

Falecemento de Gaspar Callejo



Nacido o 25/05/1919 en Palencia, onde foi organista do Seminario de Palencia, da parroquia de S. Andrés de Carrión de los Condes (Palencia).

Ordenouse sacerdote o 6 de xuño de 1943

Estudou música en Madrid e Barcelona e desempeñou a función de Cóengo-Organista 1º da Catedral de Lugo.

Compuxo dúas Misas a dúas voces, varias cancións relixiosas e folclóricas.

Faleceu o 21 de xullo. Hai un funeral de irmandade na Catedral o venres 24 ás 11h

Conferencia “A violencia na relación de parella”

O xoves 23 de xullo ás 20h no hotel Méndez Núñez (Lugo) a asociación Providav Lugo, en colaboración coa asociación Si Hai Saída, organiza a conferencia titulada “A violencia na relación de parella. Recoñecendo o perigo”.

Nunha primeira parte Marta Fernández Engroba (da asociación Si Hai Saída) explicará como identificar a violencia.

Nunha segunda parte intervirá o inspector de policía Laureano García García, para desmitificar o proceso que segue trala denuncia.



23 de xullo ás 20 h. HOTEL MÉNDEZ NÚÑEZ

Día dos avós no santuario do Corpiño



26 Julio

“Los abuelos que crían a sus nietos, dejan huellas en sus almas”

Día de los abuelos
Fiesta de S. Joaquín y Sta. Ana

SANTUARIO DE NUESTRA SEÑORA DE O-CORPIÑO

Cadea de oración pola Vida Consagrada en San Lourenzo de Albeiros

O mércores 29 de xullo ás 20:30h a parroquia de San Lourenzo de Albeiros acolle a Cadea de oración pola Vida Consagrada. Nesta ocasión o acto está organizado pola Alianza en Jesús por María, da que hai máis información premendo na seguinte imaxe.



Instituto Secular Alianza en Jesús por María

hacer presente en el mundo
el rostro de Cristo virgen

Aberto o prazo para anotarse na Escola de Evanxelización

Será do 20 ao 23 de agosto en Baiona e poderán participar mozos entre 16 e 35 anos. É un espazo de encontro e formación para a Nova Evanxelización, con talleres, charlas e experiencias prácticas de Primeiro Anuncio.

O aloxamento será na Casa de Espiritualidade da Ramallosa. O prezo: 75€ con pensión completa.

Fotos da semana



Celebración en San Xulián de Chorente, Sarria (20 - VII - 2015)



Mozos e mozas do Camiño Neocatecumenal de Murcia en Lugo o 22 de xullo

Páxina web de interese



Vídeo resume da peregrinación diocesana a Lourdes, elaborado por Miguel Ángel Álvarez

Santa Teresa e Santiago apóstolo

En 1617 as Cortes de Castilla nomean a beata Teresa de Xesús como patroa de todos os reinos de España. E empezaron as discusións entre os partidarios de Santiago e os da fundadora. Con motivo da canonización de Teresa de Xesús en 1622 noméase patroa por segunda vez, e corrobóroa Urbano VIII.

Manifestáronse contrarios a que santa Teresa fose copatroa de España algunhas autoridades da Igrexa. E Francisco de Quevedo dirixiuse ao rei: «Pero é máis certo que nin vos, Señor, queredes quitar ao Apóstolo para dar á bendita Santa, e que ela, tan rica de gloria de Deus no ceo e na terra, non atenderá a estas solicitudes que introduce o fervor dos seus fillos e o celo dos seus devotos».

A forte resposta social deixou sen efecto o copadroado ata que foi confirmado polas Cortes de Cádiz co apoio sobre todo dos liberais. Finalmente o copadroado entre Santiago e santa Teresa quedou en suspenso en tempos do Trienio Liberal (1820-1823) por discrepancias políticas e desinterese do goberno.

Lugo, 23 de xullo de 2015